

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

1.1. PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

1.2. MARCO LEGAL

2. ANÁLISE DO CONTEXTO

2.1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA SOCIOECONÓMICA E CULTURAL

2.2. TIPOLOXÍA DE CENTRO

2.3. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

3.1. INSTALACIÓNS

3.2. HORARIOS XERAIS DO CENTRO

3.3. OFERTA EDUCATIVA, ÁREA DE INFLUENCIA E CENTROS ADSCRITOS

3.4. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

3.5. PROFESORADO

3.6. ALUMNADO

3.7. FAMILIAS

3.8. PERSOAL NON DOCENTE

3.9. RELACIÓN COA COMUNIDADE E INSTITUCIÓNS

4. PRINCIPIOS, VALORES E SINAIS DE IDENTIDADE

4.1. CONFESIONALIDADE

4.2. LINGUA DE APRENDIZAXE

4.3. VALORES

4.4. COEDUCACIÓN

5. FINS E OBXECTIVOS DO CENTRO

5.1. FINS

5.2. OBXECTIVOS

6. ESTRUTURA ORGANIZATIVA

6.1. ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO

6.2. ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO

6.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

6.3.1. CCP

6.3.2. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

6.3.3. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

6.3.4. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- 6.3.5. EQUIPOS DE CICLO E EQUIPOS DOCENTES
- 6.3.6. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA
- 6.3.7. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC
- 6.3.8. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA CONVIVENCIA
- 6.3.9. PERSOAL DE SERVIZOS
- 6.3.10. ASOCIACIÓNS DE PAIS E NAIS
- 6.3.11. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

7. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

8. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

- 8.1. METODOLOXÍA
- 8.2. AVALIACIÓN
- 8.3. CRITERIOS PARA A PROMOCIÓN
- 8.4. PLAN DE REFORZO OU RECUPERACIÓN
- 8.5. ESPECIFICO DE REFORZO

9. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO

- 9.1. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
- 9.2. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL
- 9.3. PLAN CONVIVENCIA
- 9.4. CONCRECIÓN CURRICULAR
- 9.5. PLAN ANUAL DE LECTURA
- 9.6. PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES
- 9.7. PLAN DIXITAL E PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC
- 9.8. PROXECTO LINGÜÍSTICO
- 9.9. PLAN DE IGUALDADE
- 9.10. PLAN DE INNOVACIÓN E FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO
- 9.11. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN
- 9.12. PLAN DE COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS
- 9.13. PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS INSTITUCIONAIS

10. XESTIÓN ECONÓMICA

11. AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN, PROPOSTAS DE MELLORA E DIFUSIÓN DO PEC

1. INTRODUCCIÓN

Os múltiples cambios na lexislación educativa obrigan a actualizar o proxecto educativo existente neste centro, redactado hai xa moitos anos.

Trátase dunha proposta integral que, contextualizada na contorna e nas características propias do noso centro, define as metas que perseguimos e permite levar a cabo, de forma coherente e eficaz, os procesos educativos da escola, comprometendo a toda a comunidade educativa.

O Proxecto Educativo dun centro debe ser elaborado, segundo o artigo 86 do ROC, polo equipo directivo do centro. Debe ser aprobado, segundo os artigos 127 e 129 da LOE e a LOMLOE, polo Consello Escolar e polo Claustro nos seus aspectos pedagóxicos. Debe ser avaliado, segundo os artigos anteriores, polo Consello Escolar e polo Claustro nos seus aspectos educativos. E, para rematar, debe ser supervisado, segundo a artigo 88 do ROC, pola inspección educativa.

Aínda que a súa redacción correspondeu ao equipo directivo, tratouse de adoptar unha metodoloxía que implicase a toda a comunidade educativa para recoller todas as ideas e propostas que dela puideran xurdir.

Non se trata dun documento pechado e ríxido; será sometido ás revisións periódicas necesarias para facer os axustes pertinentes segundo as demandas que, en materia educativa, vaian xurdindo, coa finalidade de ser un documento operativo e vixente en todo momento que abranguerá todos os ámbitos da xestión escolar. Así mesmo actuará de xeito coherente coa identidade do centro e da comunidade educativa, sinalando claramente o rumbo a seguir, as liñas directrices e as estratexias de actuación.

1.1. PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

Coa lexislación actual os centros gañan en autonomía: “Os centros docentes disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro”.

En esencia trátase de redactar un documento no que aparezan as características propias do centro e as medidas que nel se adoptan para organizar o seu funcionamento e conseguir así os obxectivos que se perseguen nos distintos ámbitos da comunidade escolar. Isto implica a elaboración dun documento extenso que dea cabida a todos os elementos que constitúen a vida dentro dun centro educativo.

En definitiva, o PEC debe dar resposta as seguintes cuestións:

- Onde estamos? O entorno social, económico e cultural.
- Quen somos? Os nosos sinais de identidade.
- Que pretendemos? Unha autonomía pedagóxica definindo os nosos obxectivos e a nosa concreción curricular e elaborando plans e programas que nos axuden a este fin.
- Como nos organizamos? Tal e como se recolle nas NOFC.

1.2. MARCO LEGAL

LEIS XERAIS

- Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación. (LOE)
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembre, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. (LOMLOE)
- D 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.

FUNCIONARIADO PÚBLICO

- Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, pola que se aproba o texto refundido da lei da función pública de Galicia.
- Lei 2/2009, do 23 de xuño, que modifica o anterior.
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regula a actividade das persoas auxiliares de conversa que realizan o seu labor en centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Orde do 29 de xaneiro de 2016 pola que se regula o réxime de permisos licenzas e vacación do persoal docente.
- Orde do 24 de febreiro de 2016 pola que se amplía a Orde do 29 de xaneiro de 2016.

EQUIPOS DIRECTIVOS

- RD 894/2014, do 17 de outubro, polo que se desenvolven as características do curso de formación sobre o desenvolvemento da función directiva establecido no artigo 134.1.c) da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como dos correspondentes cursos de actualización de competencias directivas.
- D 120/2002, do 22 de marzo, polo que se regula a consolidación parcial do complemento específico dos directores dos centros escolares públicos.

- D 222/2022, do 7 de decembro, polo que se regula a selección, nomeamento e cesamento dos directores e directoras dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- ORDE do 21 de decembro de 2010 pola que se regula o procedemento de avaliación das direccións dos centros docentes públicos en que se imparte algunha das ensinanzas reguladas na lei.

- ORDE do 18 de febreiro de 2015 pola que se regula o procedemento de consolidación parcial do complemento específico das directoras e directores dos centros docentes públicos.

ADMISIÓN DO ALUMNADO

- Decreto 254/2012 do 13 de decembro.

- Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, da ESO e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Orde do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

CONSELLO ESCOLAR

- D 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario.

- D 374/1996 do 17 de outubro (DOG 21-10-96): Regulamento Orgánico de escolas de E. Infantil e Primaria.

- ORDE de 21 de outubro de 1996 que regula determinados aspectos da elección de membros e das datas de elección: Elección de membros dos consellos escolares.

- ORDE do 22-07-97 (DOG 22-09-97): regulamento de diferentes aspectos de organización e funcionamento das escolas de E. Infantil e Primaria.

DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

ADMINISTRACIÓN DOS RECURSOS ECONÓMICOS DO CENTRO

- Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.

- Orde do 12 de xaneiro de 1988 pola que se regula a aprobación e xustificación dos gastos de funcionamento dos centros docentes públicos de niveis non universitarios.

Os protocolos de actuación en cuestións administrativas teñen que ser coherentes coa lei que os regulan para as administracións públicas:

- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

- Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, que modifica a anterior.

Para todos os funcionarios públicos:

- Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, pola que se aproba o texto refundido da lei de función pública de Galicia. (DOG 13-6-2008).

- Lei 2/2009, do 23 de xuño, que modifica a anterior (DOG 24-6-2009)

ORIENTACIÓN

- D 120/98 do 23 de abril (DOG 27-04-98): Regulamento da Orientación Educativa e profesional en Galicia.

- ORDE do 24 de xullo de 1998 (DOG 31-07-98): Organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional en Galicia.

- Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia

- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

EDUCACIÓN INFANTIL

- RD 132/2010 de 12 de febreiro polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.

- RD 95/2022, do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.

- D 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- ORDE do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

EDUCACIÓN PRIMARIA

- RD 132/2010 de 12 de febreiro polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.

- RD 984/2021, de 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obligatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional.

- RD 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria.

- D 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- ORDE ECD/65/2015 de 21 de xaneiro polo que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

- ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

- ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

- Circular 1/2022 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se precisan aspectos da Orde do 2 de marzo de 2021.

REGULAMENTO ORGÁNICO DAS ESCOLAS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA (ROC)

- D 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.

- ORDE do 22 de xullo de 1997: desenvolvemento do decreto anterior.

CONVIVENCIA E IGUALDADE

- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres.

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG 15-07-11).

- RD 732/1995 polo que se establecen os dereitos e deberes do alumnado e as normas de convivencia.

- D 8/2015, do 8 de xaneiro que desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS

- Lei orgánica 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Lei orgánica 10/2014, do 3 de decembro de accesibilidade.

- D 35/2000, de 28 de xaneiro polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

XORNADA LECTIVA

- ORDE do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educación especial e centros privados concertados.

TRATAMENTO DAS LINGUAS.

- D 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto.

ATENCIÓN A DIVERSIDADE

- D 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

ANUAL

- ORDE anual de PLAMBE e Plan de fomento do uso do galego
- Resolucións anuais de Plan Proxecta+, CP INNOVA e CP INCLÚE.
- Instrucións anuais de Biblioteca escolar.

2. ANÁLISE DO CONTEXTO

2.1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA SOCIOECONÓMICA E CULTURAL



Trátase dun centro situado na Rúa Foro, nº 32 da parroquia de Xuvia, no concello de Narón, no noroeste da provincia de A Coruña. A súa poboación, preto de 40.000 habitantes, atópase diseminada ao longo das sete parroquias que conforman o concello, non obstante os alumnos/as viven próximos ao centro, enmarcándose dentro da súa contorna habitual. A economía do concello relaciónase principalmente cos sectores industrial e servizos, aínda que existe unha estreita relación co sector naval debido a súa proximidade a Ferrol. Así, a maioría das familias pertencen a un nivel socioeconómico e cultural medio .

O principal acceso cos núcleos de poboación máis próximos é pola estrada, en concreto a Estrada de Castela que nos seus seis quilómetros e medio atravesa o núcleo urbano do concello ata chegar a Ferrol e as estradas autonómicas Ferrol- Cedeira e Ferrol-Ribadeo. Varias liñas de autobuses comunican o termo municipal cos concellos limítrofes. Hai que engadir a comunicación pola autoestrada AP-9 Ferrol- Narón-Madrid.

2.2. TIPOLOXÍA DE CENTRO

O noso centro é un CEIP de carácter público dunha liña pero composto por 10 unidades xa que existe un desdobre en 4º curso de educación primaria. Trátase dun centro de xornada única con horario de 9:00 a 14:00, atendendo á **Orde de 29 de maio de 2008**.

2.3. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

O alumnado que asiste ao centro educativo vive na súa maioría nos arredores da escola, non habendo servizo de transporte escolar. Mais algúns dos nosos/as alumnos/as veñen doutras parroquias coma Sedes ou Castro por conciliación da vida familiar e laboral.

A lingua materna do alumnado é o castelán de xeito xeral, sendo o galego a lingua minoritaria.

En canto ao nivel cultural do alumnado este é de tipo medio. Aínda que non é posible xeneralizar en canto ás características deste alumnado, os intereses e finalidades varían en función da idade.

No centro existe ademais, alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que son atendidas por unha especialista en Pedagogía Terapéutica, e dúas especialistas en Audición e Linguaxe. Existindo tamén, a figura da coidadora.

3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

3.1. INSTALACIÓNS

As súas instalacións cumpren cos requisitos mínimos establecidos pola lexislación vixente sendo esta o **Real Decreto 132/2010**, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros nos que se imparten ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria. A escola conta con dous edificios de dúas plantas, un para educación infantil e outro para educación primaria, así como cunha zona de recreo na que está presente un invernadoiro e un pavillón.

Edificio de primaria: seis aulas repartidas en dous andares. No andar baixo hai tres aulas que se corresponden con 1º, 2º e 3º de Primaria, un espazo pequeno para uso da ANPA, unha aula de PT, dous aseos e un cuarto para a limpeza. No primeiro andar: aulas de 4º, 5º e 6º, unha aula de Lingua Estranxeira habilitada no presente curso como aula de Primaria, outra aula de estudo habilitada como aula de tecnoloxía e Relixión Católica e tres aseos, un para cada curso.

Edificio de infantil: tres aulas de 4º, 5º e 6º de educación Infantil cun aseo en cada aula; o despacho de Dirección, a conserxería, despacho do D.O. e un aseo para os mestres. No 1º andar: biblioteca, aula de música, pequena sala do profesorado e aula de A.L.

Pavillón: para desenvolver as actividades propias da materia de Ed. Física, certas celebracións do centro e algunhas actividades da ANPA.

3.2. HORARIOS XERAIS DO CENTRO

Horario de mañá: 9:00 a 14:00 horas.

Horario de tarde: de luns a venres de 16:00 a 18:00 horas, agás os martes de 16:00 a 19:00 horas. O horario podería alterarse atendendo á realización das actividades extraescolares ou durante o desenvolvemento das sesións de avaliación (cero, 1º, 2º e 3º avaliación), as cales serán levadas a cabo un luns e martes consecutivos de 16:00 a 19:00 horas.

Xornada escolar: organízase en sesión única de mañá de 9:00 a 14:00 horas, de setembro a xuño. O período do recreo para Educación Infantil é de 11:00 a 11:30 horas mentres o de Educación Primaria é dende as 11:30 ata as 12:00 horas (os ho-

rarios de recreo poderán verse modificados pola realización de calquera actividade complementaria que así o precise).

Horario de atención ás familias: a atención xeral das titorías coas familias realízanse os martes de 16:00 a 17:00h.

Horario de reunións e coordinacións entre os membros do claustro do centro: os martes de 17:00 a 19:00h.

Calendario escolar: O calendario escolar así como as vacacións e os días non lectivos rexeranse polo calendario escolar que a Xunta de Galicia publica cada ano no DOG, mentres as festas locais serán fixadas polo Concello de Narón.

3.3. OFERTA EDUCATIVA, ÁREA DE INFLUENCIA E CENTROS ADSCRITOS

EDUCACIÓN INFANTIL: 4º, 5º e 6º curso.

EDUCACIÓN PRIMARIA: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º curso.

A área de influencia do noso centro é a seguinte: polo sur limita co mar, polo oeste coa Rúa Río Baxoi, incluída nesta zona, e continúa polo norte co límite parroquial (incluídas as vivendas de San Clemente) e corta polo este co límite do termo municipal de Neda.

O noso centro ten como centro adscrito o CPI O Feal para aquel alumnado que queira cursar a ESO mais, a maior parte do noso alumnado acude ao IES Fernando Esquíó de Neda xa que é o que está a menor distancia do colexio.

Por este motivo, dende a escola se leva a cabo unha coordinación con ámbolos dous centros. Tamén existe unha boa coordinación con outros institutos de Narón como o IES Telleiras ou o IES Terra de Trasancos.

A finais de curso, o alumnado de 6º de Educación Primaria fai unha visita a algúns dos IES nomeados anteriormente coa finalidade de coñecerlos e saber as posibilidades educativas que lles ofrecen. Do mesmo xeito, dende o departamento de orientación se levan a cabo as reunións oportunas cos distintos centros coa finalidade de poder aportar a información necesaria para a escolarización do noso alumnado.

Ofertas educativas:

- Proxecto de Anticipación dunha Lingua Estranxeira na etapa de Educación Infantil.
- Plurilingüismo.
- Participación en contratos- programas da Consellería .
- Plambe .
- Plan de Educación Viaria.
- E-dixgal.
- Plan Proxecta.

A Sección Bilingüe está composta pola profesora de inglés, que é a coordinadora e o profesorado CLIL. O equipo complétase, xeralmente, cunha persoa auxiliar de conversa asignada polo Programa de auxiliares de conversa. Así o número de horas que imparte a auxiliar ao centro é de 16, asistindo a todas as sesións de Plástica e o resto do tempo no centro se completa coa asistencia ás sesións de Lingua Inglesa dos diferentes niveis de Infantil e Primaria e ás dúas sesións de coordinación cos membros da sección bilingüe.

A Sección Bilingüe do noso centro impártese en concreto na área de Plástica.

O compoñente cultural da Sección Bilingüe leva a que cada ano, tanto nas sesións de Plástica como nas sesións de Lingua Inglesa nas que participa a persoa auxiliar, o tema transversal sexa o país ou rexión de orixe da auxiliar de conversa.

3.4. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A participación do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares requirirá autorización previa por escrito dos pais ou titores sempre que se desenvolvan fóra do centro. No suposto de que esta non sexa outorgada, a Dirección arbitrará a forma máis conveniente para atender aos alumnos que non participen nelas e permanezan no centro.

Tanto as actividades complementarias como as extraescolares deben respectar os principios de non discriminación e ausencia de lucro para o alumnado. Estas actividades non poderán realizarse en detrimento das actividades inherentes ao currículo oficial.

Estas actividades rexeranse pola normativa especificada nas NOFC.

● ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

1. Abranguen dende as 16:00 ata as 18:00 horas de luns a venres.

2. Agás decisión consensuada e motivada, terán o seu inicio no primeiro día hábil do mes de outubro e rematarán o derradeiro día hábil do mes de maio.

3. A súa organización pode depender da ANPA ou do colexio. Tendo a responsabilidade organizativa dependendo dos acordos producidos ao comezo de cada curso escolar.

4. As distintas agrupacións deportivas, sempre que os seus estatutos establezan un vínculo claro co centro escolar (nai ou pai de alumnos/as do colexio como Presidente/a e Secretario/a, e preferencia de participación do alumnado do colexio), terá atribuída a posibilidade de organización de actividades relacionadas co baloncesto, judo, ximnasia rítmica ou calquera outra actividade que non dane o parque do ximnasio, nesta franxa horaria(queda totalmente excluído o fútbol sala).

5. Calquera outra actividade ou uso das instalacións derivada das actividades extraescolares desenvolvidas no centro e realizadas fóra do horario de atención establecido deberá ser debidamente solicitada ao equipo directivo do centro.

3.5. PROFESORADO

Durante o curso 2022-2023 o número de profesores/as con base no centro é de 17. Deste profesorado 15 teñen a súa praza en propiedade neste centro e 2 con destino provisional. A maiores contamos cunha especialista de audición e linguaxe e unha orientadora compartidas co CEIP Piñeiros e con base nese centro.

3.6. ALUMNADO

No presente curso 23/24 están matriculados no noso centro 177 alumnos e alumnas, dos cales 42 pertencen ao ciclo de infantil e 135 pertencen á etapa de primaria.

3.7. FAMILIAS

Consideramos aos pais e nais como os principais responsables da educación dos seus fillos/as. Son os transmisores de valores, actitudes, hábitos..., que logo repercutirán na vida educativa. Por iso a participación no centro debe ser un intercambio de información e apoio, é dicir, unha unión de esforzos para aproximar o colexio ao entorno social. As familias participan no centro a través dos seus representantes no Consello Escolar, a través da Comisión de Convivencia, mediante a participación a través da ANPA e nas reunións canalizadas polo titor/a.

3.8. PERSOAL NON DOCENTE

Dentro do persoal non docente, o centro conta con un subalterno traballador do concello que fai as labores de conserxería e 2 traballadoras que pertencen ao persoal laboral da Xunta de Galicia e que levan a cabo as labores de limpeza do centro.

Tamén contamos cunha coidadora que atende a un alumno con NEAE e cunha persoa que actúa como auxiliar de conversa na área de plástica e lingua estranxeira.

3.9. RELACIÓN COA COMUNIDADE E INSTITUCIÓNS

Coa finalidade de manter unha boa comunicación coa ANPA realízanse xuntanzas co seu representante para intercambiar información e escoitar propostas traballando xuntos para acadar un bo funcionamento do colexio.

Ademais as relacións co Concello lévanse a cabo a través das Concellerías de Educación, Cultura e Deportes, Servizos Sociais, Normalización Lingüística, Policía Local... para a realización de diversas actividades dentro do horario lectivo, nas actividades extra-escolares, na organización de concursos, e en todas aquelas que fomenten o coñecemento de novas realidades, ofrecendo unha aprendizaxe activa a través doutro tipo de experiencias e vivencias directas.

O centro educativo promoverá a colaboración con institucións e entidades da contorna que teñan unha finalidade de mellora do noso barrio e sen ánimo de lucro, sempre dentro das posibilidades do centro educativo e das características da colaboración solicitada.

Así no momento dunha solicitude de colaboración por parte dunha entidade da contorna, o equipo directivo analizará dita solicitude e dará unha resposta á maior brevidade posible, indicando as condicións da colaboración para que sexan comprendidas polos solicitantes.

En todo caso, se denegará a colaboración nos seguintes supostos:

1. Queda prohibida toda colaboración con entidades con ánimo de lucro coa salvedade de aquelas que proporcionen un servizo educativo á comunidade escolar imposible de suplir por outros medios.

2. Queda prohibida toda colaboración con entidades que demanden o emprego de recursos económicos do centro escolar aínda que os seus fins sexan benéficos.

3. Queda prohibida a publicidade dentro do recinto escolar de empresas con ánimo de lucro agás as que promocionen actividades culturais ou recreativas de asociacións ligadas ao Concello de Narón ou á Xunta de Galicia.

4. PRINCIPIOS, VALORES E SINAIS DE IDENTIDADE

4.1. CONFESIONALIDADE

Como público que é, o centro é aconfesional, respectando todas as relixións tanto de profesores como de alumnos. A posición de todas as persoas que traballan nesta institución será de absoluto respecto ás crenzas de cada persoa. O centro é ideoloxicamente pluralista, sobre todo, nos aspectos políticos e relixiosos. Así facilitarémolle ao alumnado información obxectiva, coa finalidade de que progresivamente poida formar os seus propios criterios e tomar decisións responsables.

4.2. LINGUA DE APRENDIZAXE

O alumnado deste centro maioritariamente ten como lingua materna o castelán. Na Educación Infantil o noso profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado. A utilización do galego como lingua de comunicación e aprendizaxe será, como mínimo, igual á da lingua castelá. O profesorado fomentará a adquisición progresiva do galego no sentido de que se converta no idioma base da aprendizaxe e así obter a competencia necesaria que lle permita comunicarse normalmente en galego cos seus compañeiros e cos seus profesores. Na Educación Primaria o profesorado garantirá a adquisición da competencia lingüística propia da etapa nas dúas lingua cooficiais da Comunidade Autónoma. En todo caso deberá garantirse que, ao finalizar a escolaridade, o alumnado teñan un correcto dominio oral e escrito das dúas linguas oficiais. Ademais dende o curso 2018-2019 somos centro Plurilingüe, impartindo en inglés a área de Educación Plástica en Educación Primaria.

4.3. VALORES

O noso centro pretende transmitir ao alumnado os valores básicos dunha sociedade democrática (tolerancia, solidariedade, igualdade, responsabilidade, respecto, defensa do medio natural, defensa da paz, colaboración nas tarefas do grupo, respecto aos demais, interculturalidade, xustiza e liberdade) e incentivar a súa participación na mellora da comunidade educativa e da sociedade en xeral. A nosa finalidade é que o alumnado sexa capaz de adaptarse á dinámica da sociedade actual, contribuíndo ao benestar colectivo. Queremos que se integren na convivencia democrática e valoren o respecto polos dereitos humanos, e así van encamiñadas as actividades desenvolvidas e os programas anuais dos que formamos parte.

4.4. COEDUCACIÓN

A coeducación, neste centro, supón entre outros compromisos, orientar a actividade cara a unha educación para a igualdade entre sexos. Traballaremos por superar os roles tradicionais do home e da muller practicando un tipo de educación para a igualdade sen discriminación por razóns de sexo, raza, condición social, etc. A través das vivencias entre nenos e nenas chegaremos á plena aceptación da propia sexualidade e á dos outros. Non nos conformamos en ter nenos e nenas na mesma aula, o noso obxectivo é o respecto á propia persoa e á do outro. Así nos escritos divulgativos internos ou externos procurarase que aparezan reflectidas as formas do masculino e do feminino.

Así mesmo, en calquera tipo de material escolar a tendencia será diversificadora e propicia para fomentar tendencias non sexistas: agrupación do alumnado nas aulas, actividades deportivas, actividades extraescolares, etc.

5. FINS E OBXECTIVOS DO CENTRO

A misión do CEIP Plurilingüe Ponte de Xuvia é proporcionar aos nosos/as alumnos/as un desenvolvemento humano e integral, colaborando mestres e familias en estreito contacto e no marco da realidade cultural, social e lingüística do noso contorno. Trátase de proporcionar ao alumnado un desenvolvemento das súas capacidades técnicas e humanas, para que as etapas educativas que ofertamos o leven a unha formación integral como persoa adquirindo unas competencias básicas necesarias para a súa integración á sociedade.

5.1. FINS

Os fins e intencións educativas que persegue o centro están estreitamente relacionados cos principios de identidade. As principais finalidades que presiden a nosa acción educativa son:

- A formación personalizada, que posibilite o pleno desenvolvemento da personalidade e capacidades do alumnado dentro dun marco de tolerancia, respecto, convivencia democrática e solidariedade.
- O fomento do esforzo persoal e o rexeitamento de todo comportamento discriminatorio.
- A formación para a paz, a resolución pacífica dos conflitos e o coidado do medio ambiente.
- A promoción de todas as capacidades do alumnado, da súa creatividade e das súas iniciativas, no marco dunha gradual autonomía e implicación no proceso de ensino-aprendizaxe e duns hábitos de vida saudable.
- A promoción da relación escola-familia, que propicie unha relación fluída e un traballo coordinado a prol do desenvolvemento dos obxectivos establecidos.
- A atención psicopedagóxica do alumnado e a orientación para toda a comunidade educativa.

5.2. OBXECTIVOS

Os obxectivos son referencias de difícil medición, pero que amosan unha clara intencionalidade no día a día e que comportan unha vontade de planificación e de desenvolvemento dunhas actividades específicas susceptibles dunha avaliación tanto do proceso da aprendizaxe como do proceso de ensino. Estes obxectivos diferenciamos en distintos niveis:

NO ÁMBITO DA EDUCACIÓN

- Priorizar o desenvolvemento harmónico das dimensións física, intelectual, afectiva, ética e social do alumnado.
- Favorecer un clima de convivencia democrática baseada na participación, o pluralismo, a tolerancia, o respecto e a aceptación mutua.
- Establecer o marco axeitado que permita a todos os membros da comunidade educativa exercer os seus dereitos sen esquecer os seus deberes.
- Propiciar relacións de comunicación e de información entre alumnado e profesorado baseados no diálogo, o respecto, a aceptación e a estima mutua.
- Antepoñer o diálogo e a mediación fronte á sanción como método para resolver conflitos.
- Favorecer un clima que estimule actitudes positivas despertando no alumnado a confianza e a automotivación.
- Desenvolver a capacidade dos alumnos para convivir harmonicamente con todo tipo de persoas, nas máis variadas agrupacións e para os fins máis diversos.

EN RELACIÓN CO PROCESO DE ENSINANZA/APRENDIZAXE

- Concretar as ensinanzas básicas propostas desde a administración e adaptalas á realidade sociocultural da zona.
- Potenciar as aprendizaxes significativas baseadas na comprensión e non aquelas que sexan repetitivas ou mecánicas.
- Ensinar a empregar os coñecementos adquiridos sobre o medio físico e social para resolver problemas na súa experiencia diaria.
- Capacitar ao alumnado no coñecemento e utilización de técnicas de traballo intelectual para que, de forma progresiva, poidan aprender de maneira cada vez máis autónoma.
- Organizar o grupo-clase de xeito que se favoreza a aprendizaxe de todos e cada un dos membros do mesmo.
- Empregar técnicas de grupo co fin de conseguir a cohesión e madurez do grupo-clase.
- Traballar a diversidade atendendo ao alumnado en función das súas características individuais, poñendo en marcha tódolos mecanismos que proporcione a lexislación vixente.
- Escoller axeitadamente os materiais cos que se vai traballar na aula.
- Ensinar creando un clima de respecto entre as dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma.
- Facer da avaliación, tanto por parte do profesorado como do alumnado, un verdadeiro análise de todo proceso educativo en xeral e de cada alumno en particular.

EN RELACIÓN CO PROFESORADO

- Facilitar o desenvolvemento das aptitudes e calidades profesionais e persoais de todos os profesores e profesoras.
- Estimular ao profesorado para que participe activamente na marcha e funcionamento do centro.
- Proporcionar ao profesorado os medios e condicións que permitan desenvolver unha acción educativa de calidade.
- Potenciar o traballo en equipo a través dos equipos docentes na Educación Primaria e coordinación de ciclo en Educación Infantil.
- Potenciar a figura educativa do titor/a na resolución de conflitos e na comunicación regular coas familias.
- Organizar os procedementos axeitados para que os pais e nais, como titores dos seus fillos, contén coa información suficiente en relación coas actividades docentes e co rendemento académico.

A NIVEL DE CENTRO

- Establecer canles para a participación na xestión e funcionamento do centro de todos os membros da comunidade educativa.
- Facilitar as asociacións de pais e nais como medios de colaboración das familias na dinámica do centro.
- Manter relacións sistemáticas de colaboración coordinación e apoio con outros centros e institucións da zona.
- Potenciar hábitos de respecto ás instalacións do centro e ao coidado das mesmas.
- Fomentar o uso da lingua galega en todos os eidos, normalizando, valorando e dinamizando o seu uso no centro.
- Potenciar a seguridade no alumnado de que o profesorado sempre estará disposto a escoitar os seus puntos de vista.
- Conseguir que os alumnos e alumnas teñan a confianza de que, no caso de necesidade, poderán contar con alguén no centro.
- Conseguir que todos os alumnos e alumnas respecten as normas do grupo.

A NIVEL DE EQUIPO DIRECTIVO

- Coñecer a normativa que regula o funcionamento dos centros e actualizarse cando existan modificación.
- Expoñer ao público, con rigor, obxectividade e transparencia, o traballo administrativo e burocrático do centro.
- Aproveitar as achegas por parte das diferentes institucións como vía para enriquecer a labor educativa.

- Velar polo bo cumprimento das obrigas dos diferentes estamentos do centro e escoitar as súas suxestións.
- Xestionar de maneira axeitada e eficaz todos os medios humanos e recursos materiais e económicos do colexio.
- Facilitar a incorporación aos novos membros da comunidade educativa.
- Conseguir que todo o persoal docente se sinta útil e satisfeito no desenvolvemento do seu traballo profesional.
- Difundir todos os plans e proxectos incluídos neste Proxecto Educativo entre as familias e a comunidade escolar, empregando a páxina web do centro como vía de comunicación e información habitual.

6. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

6.1. ORGANIGRAMA

Constitúe os órganos unipersoais de goberno o equipo directivo do centro, que informará das súas actuacións, cando proceda, ao claustro e aos demais órganos de goberno.

Para o adecuado goberno do centro, o equipo directivo manterá unha reunión de coordinación semanal.

No caso de ausencia dalgún membro do equipo directivo, as funcións afectadas serán asumidas polo resto do equipo directivo. No caso de ausencia da totalidade dos membros do equipo directivo será o profesor ou profesora con maior antigüidade no centro quen asuma esas funcións.

O equipo directivo, como órgano executivo de goberno dos centros públicos, está integrado polo director, a xefa de estudos e o secretario e, traballará de forma coordinada no desempeño das súas funcións, conforme ás instrucións do director e ás funcións legalmente establecidas.

As funcións do/a director/, xefe/a de estudos e secretario/a poden verse nas NOFC.

6.2. ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO

Os órganos colexiados mediante os que a totalidade da comunidade educativa participa no goberno do centro son o Claustro de profesores e o Consello Escolar que teñen a composición e competencias sinaladas pola lexislación vixente.

6.2.1. CLAUSTRO

O Claustro de profesores/as é o órgano de participación do profesorado e ten a responsabilidade de planificar, coordinar e decidir sobre os aspectos pedagóxicos do centro. No noso centro está constituído pola totalidade do profesorado do centro e presidido polo director. Reunirase, sen prexuízo do lexislado, e para garantir o cumprimento das súas funcións cando sexa necesario con carácter ordinario e preceptivamente unha vez por trimestre, e con carácter extraordinario sempre que o convoque a Dirección ou o solicite polo menos un terzo dos seus compoñentes, incluíndo na orde do día os puntos dos solicitantes. Ademais será preceptiva unha sesión ao inicio do curso e outra ao finalizar este e a asistencia ás sesións do Claustro serán obrigatorias para todas as persoas que o compoñen. Os seus membros serán convocados polo Director a través do correo corporativo de centro. As súas funcións establecidas por lei e se recollen nas NOFC.

6.2.2. CONSELLO ESCOLAR

No noso centro está constituído polo director/a, que é o Presidente do Consello, xefa/e de estudos, secretaria/o do centro con voz pero sen voto, 5 mestras/ es, 5 nais/pais das que un pode ser designada/o pola ANPA máis 1 representante do Concello.

Reunirase cando sexa necesario con carácter ordinario e preceptivamente unha vez por trimestre, e con carácter extraordinario sempre que o convoque o seu presidente ou o solicite polo menos un terzo dos seus compoñentes, incluíndo na orde do día os puntos dos solicitantes. Procurarase, na medida do posible, que as reunións sexan en horas que permitan a asistencia dos representantes de todos os sectores.

As competencias do consello escolar están recollidas nas NOFC.

Dentro do Consello Escolar haberá as seguintes comisións:

- **Comisión Económica:** constituída polo director, o secretario, un pai ou nai, un profesor/a e o representante do Concello.

- **Comisión de Convivencia:** ten carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación deste para facilitar o cumprimento das competencias que, en materia de convivencia escolar, ten asignadas o Consello Escolar. Estará composta polas persoas representantes do profesorado, das familias e do persoal de servizos. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. As súas funcións e funcionamento serán as establecidas na lexislación vixente e recollidas no Plan de Convivencia do Centro.

- No seo do Consello Escolar poderá establecerse, por acordo maioritario dos seus membros, a constitución de outras comisións destinadas ao tratamento de asuntos específicos ou puntuais. Neste caso, calquera outra comisión que se estableza deberá contar, cando menos, cos seguintes membros: o director ou directora ou persoa en quen delegue, o secretario ou secretaria, un pai ou nai e un profesor ou profesora.

6.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

6.3.1. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA

A Comisión Pedagóxica no noso centro está constituída por o Director/a (presidente), Xefe/a de estudio, coordinador(a) do 2º ciclo de Educación Infantil e dos diferentes niveis de Educación Primaria do centro, o Coordinador/a do EDLG, o profesor/a de P.T. e o de A.L., o Orientador e o responsable da Biblioteca do centro.

A comisión reunirse cunha periodicidade mensual e realizará unha sesión extraordinaria ao comezo do curso e outra ao finalizar o mesmo, así como cantas outras se consideren necesarias.

As actividades que se van realizar pola comisión de coordinación pedagóxica incluíranse na programación xeral anual.

Cando nunha reunión haxa que realizar algunha votación, realizarase segundo o criterio que estipule a maioría, pero se un membro solicita que se faga de forma secreta, realizarase desta forma. Os acordos nas reunións deberán ser adoptados por maioría absoluta dos presentes. En caso de empate na votación, esta repetirase e se persiste o empate decidirá o voto do/a presidente/a.

As convocatorias de reunión son competencia do/a xefe/a do departamento de orientación.

6.3.2. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

No noso centro o Departamento de Orientación estará composto polo orientador/a que será o Xefe/a do Departamento e no noso caso é compartido con outro centro, o mestre/a de Pedagogía Terapéutica, o mestre/a de Audición e Linguaxe tamén compartido con outro centro, e actualmente outro mestre/a de Audición e Linguaxe de atención preferente. O coordinador de E.I e os coordinadores dos diferentes niveis/ciclos de E.P serán membros de pleno dereito sempre que se traten temas relacionados co seu ciclo.

O Departamento de Orientación desenvolverá as súas funcións naqueles ámbitos relacionados coa orientación psicopedagóxica, académica e profesional. Así este órgano representativo, que opera a nivel da totalidade do centro, ten unhas funcións propias, sen deixar de ter en conta as atribuídas aos especialistas de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe así como ao xefe/a do departamento.

As liñas prioritarias, definidas pola CCP, e a súa concreción en tarefas e cometidos, quedarán reflectidas no Plan de Orientación, que será desenvolvido curso a curso coas modificacións e adaptacións que procedan.

As súas funcións están contempladas nas NOFC.

Ademais, sublíñase o compromiso dos membros do departamento de orientación con todos os programas de mellora para a calidade que se deseñen no centro, no ámbito das súas competencias.

6.3.3. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega terá un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega no centro e estará constituído polo seu coordinador(a) que contará, para o seu labor cunha liberación horaria semanal dunha sesión lectiva e por mestres/as do 2º ciclo de Educación Infantil e dos diferentes niveis de Educación Primaria do centro. Podendo ademais incorporarse ao traballo do equipo, para temas puntuais, outros membros da comunidade educativa.

Cando cese o/a coordinador/a do EDLG antes de finalizar o prazo para o que foi designado, o/a director/a nomeará, por proposta da comisión de coordinación pedagóxica, un/ha profesor/a ata o 30 de xuño.

O EDLG reunirse polo menos unha vez ao trimestre e realizará unha sesión extraordinaria ao comezo do curso e outra ao finalizar este, así como cantas outras se consideren necesarias. De cada reunión que manteña o EDLG levantará acta o seu coordinador ou coordinadora.

E finalmente as actividades que ten previsto realizar o equipo de dinamización da lingua galega incluíranse na programación xeral anual. Ademais ao final de cada curso o EDLG elaborará unha memoria do traballo desenvolvido, memoria que se incorporará á do centro e que contemplará as directrices a ter en consideración no curso seguinte.

6.3.4. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

No noso centro o Equipo de Actividades complementarias e extraescolares está constituído por un/ha xefe/a, nomeado/a polo/a director/a a proposta da xefatura de estudos, oída a comisión de coordinación pedagóxica e, para cada actividade concreta, polo/a profesor/a que participe nela podendo, de ser o caso, estar constituído pola totalidade do profesorado do centro. De constituírse o equipo coa totalidade do profesorado, o/a seu/súa xefe/a será o/a xefe/a de estudos que, neste caso, actuará baixo a dependencia directa do/a director/a do Centro.

A xefatura do Equipo de actividades complementarias e extraescolares contará cunha liberación horaria semanal dunha sesión lectiva.

De ter cesado o/a xefe/a do equipo de actividades complementarias e extraescolares antes de finalizar o prazo para o que foi designado, o/a director/a nomeará un profesor ata

o 30 de xuño a proposta dos compoñentes do equipo, como quedaría acordado para calquera outro tipo de coordinación no centro.

Ademais o equipo de actividades complementarias e extraescolares reuniranse cunha periodicidade trimestral e realizará unha sesión extraordinaria ao comezo do curso e outra ao finalizar este, así como cantas outras se consideren necesarias.

As actividades que o equipo de actividades complementarias e extraescolares teña previsto realizar incluíranse na PXA e serán recollidas durante o curso nun calendario de control que estará visible en todo momento no despacho de dirección xunto co resumo de actividades realizadas polo alumnado do centro dende o comezo da súa escolarización. De cada reunión que manteña o Equipo de actividades complementarias e extraescolares levantará acta o seu xefe ou xefa, quen facilitará unha copia de cada unha á xefatura de estudos. E ao final de cada curso o Equipo de actividades complementarias e extraescolares elaborará unha memoria do traballo desenvolvido, memoria que se incorporará á do centro e que contemplará directrices a ter en consideración no curso seguinte.

Finalmente o Centro, coa aprobación do Consello Escolar, poderá establecer convenios de colaboración co Concello, con asociacións culturais ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares ao longo do curso. Estes convenios deberán ser autorizados polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O Concello poderá colaborar co Centro para impulsar as actividades complementarias e extraescolares e promover a relación entre a programación do Centro e o contorno socioeconómico no que está a desenvolver a súa labor.

6.3.5. EQUIPOS DE CICLO E EQUIPOS DOCENTES

O equipo de ciclo de Educación Infantil e os Equipos docentes de Educación Primaria do noso centro, que agruparán ao profesorado que imparta docencia nel, son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver, baixo a supervisión da xefatura de estudos, as ensinanzas propias do nivel. Cada equipo estará dirixido por un/ha coordinador/a, que desempeñará as súas funcións durante dous cursos académicos, sempre que siga formando parte do ciclo/nivel e preferentemente con destino definitivo e horario completo no centro sendo designado/a polo director/a do Centro, por proposta do equipo. Ademais o coordinador/a de Educación Infantil, para o seu labor, cunha liberación horaria semanal dunha sesión lectiva.

Así, cando cese algún/ha coordinador/a antes de finalizar o prazo para o que foi nomeado, o/a director/a nomeará un/ha profesor/a que o substitúa ata o 30 de xuño, oído o equipo de ciclo/nivel.

Os equipos de ciclo/nivel reuniranse polo menos unha vez cada mes e a asistencia será obrigatoria para todos os seus membros, levantándose acta por parte do coordinador co resultado do tratado.

6.3.6. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA

No noso centro o Equipo de Biblioteca estará composto por mestres/as do 2º ciclo de Educación Infantil e dos diferentes niveis de Educación Primaria do centro. De entre os seus membros designarase un/unha coordinador/a que contará cunha hora de redución semanal no seu horario lectivo para atender as tarefas da biblioteca e que será nomeado/a polo/a director/a a proposta do/a Xefe de Estudos, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica, preferentemente entre os/as mestres/as con destino definitivo nos centros. Os seus membros disporán dun tempo para dinamizar a biblioteca escolar en función da dispoñibilidade horaria.

Ao comezo de cada curso, seguindo as orientacións da memoria do curso anterior e as novas necesidades ou posibilidades, o equipo da biblioteca elaborará o Plan lector anual para o novo curso, proxecto que se incorporará á PXA, aprobándose con esta.

A biblioteca escolar contribuirá a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias e poida formarse no seu uso crítico

As súas funcións veñen contempladas nas NOFC.

O dinamizador da Biblioteca representará ao Equipo de Biblioteca na CCP e ao final de cada curso o coordinador/a da biblioteca elaborará unha memoria do traballo desenvolvido, memoria que se incorporará á do centro e que contemplará directrices a ter en consideración no curso seguinte.

Finalmente cabe recoller que no orzamento anual de funcionamento reservárase unha cantidade suficiente para a atención dos gastos da biblioteca, importe que distribuirá o propio equipo da biblioteca.

6.3.7. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC

No noso centro o Equipo de dinamización das tecnoloxías da información e da comunicación está formado por mestres do 2º Ciclo de Educación Infantil e dos diferentes Niveis de Educación Primaria do centro. De entre os seus membros designarase un/unha coordinador/a que contará cunha redución dunha hora semanal no seu horario lectivo e que será nomeado polo/a directora a proposta do/a Xefe de Estudos, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica, exercendo a súa labor por un período de 2 cursos.

Ao comezo de cada curso, seguindo as orientacións da memoria do curso anterior e as novas necesidades ou posibilidades, o equipo das tecnoloxías da información e comunicación, elaborará o proxecto de organización e atención deses recursos, proxecto que se incorporará á PXA, aprobándose con esta.

No orzamento anual de funcionamento reservarase unha cantidade para a atención dos gastos da aula de informática e audiovisuais, importe que xestionará a persoa responsable.

Dito equipo reunirse cunha periodicidade trimestral e os seus obxectivos son os especificados nas NOFC.

Ao final de cada curso o responsable da aula de informática elaborará unha memoria do traballo desenvolvido, memoria que se incorporará á do centro e que contemplará directrices a ter en consideración no curso seguinte.

6.3.8. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA CONVIVENCIA

Está formado polo equipo directivo e un membro do claustro. As súas funcións son:

- Velar por unha boa convivencia no centro educativo en relación a toda a comunidade educativa.
- Facer cumprir os protocolos de convivencia que estean vixentes en cada momento.
- Fomentar actividades que busquen unha boa convivencia no centro educativo.
- Mellorar as competencias de alumnado e profesorado para unha correcta convivencia e resolución de conflitos.
- Actuar como mediadores en caso de existir un conflito entre o alumnado.

6.3.9. PERSOAL DE SERVIZOS

O centro conta ademais cos seguinte recursos humanos:

- Conserxe: posto ocupado por un funcionario municipal.
- Persoal de limpeza: asignado por unha empresa privada contratada polo Concello.
- Auxiliar de Conversa.
- Coidadora dun alumno con NEAE.

Para o correcto funcionamento do centro o **CONSERXE** dentro do respecto aos dereitos e ás obrigas que lle son marcadas pola lei, desenvolverá con dilixencia o traballo que lle solicite o profesorado para cumprir co seu labor docente e realizará as tarefas que lle encomende o Equipo Directivo para o axeitado funcionamento do Centro. Ademais, no caso de ter que abandonar o centro antes de rematar a xornada laboral ou ter que saír do mesmo no exercicio das súas funcións, deberá informar ao equipo directivo e contar coa súa autorización para deixar o centro.

A persoa designada para tal actividade terá a súa disposición os horarios do profesorado e dos grupos para facilitar información e localizar ao profesorado ou ao alumnado, entregará e recollerá todo tipo de impresos e correspondencia que estean a súa disposición, atenderá á organización das portas para a entrada e saída do alumnado do centro e controlará a entrada de persoas alleas ao centro, recibirá as súas peticións e indicaranlles a onde se deben dirixir. E finalmente, ao remate da xornada escolar comprobará que queden todas as portas, ventás e persianas correctamente pechadas e as luces apagadas.

O **PERSOAL DE LIMPEZA** deberá manter en bo estado de limpeza todas as dependencias e o seu mobiliario, comunicarlle á dirección todas as incidencias detectadas no seu traballo e comprobará ao remate do seu labor, que queden todas as portas, ventás e persianas do centro correctamente pechadas e as luces apagadas.

No referente ao **AUXILIAR DE CONVERSA**, o centro considera que para o correcto funcionamento e organización do mesmo a persoa asignada para tal fin deberá cumprir o horario lectivo durante a súa estancia no mesmo e deberá xustificar debidamente os seus atrasos ou ausencias. Poderá participar en todo tipo de actividades escolares, complementarias e extraescolares contando sempre coa supervisión do/a mestre/a especialista que imparte a materia na que participa e non será en ningún caso substituto do profesorado ausente. Finalmente, resultará imprescindible que asuma o compromiso de confidencialidade.

A **COIDADORA** colabora no coidado diario do alumnado con NEAE e forma parte activa da vida do centro.

6.3.10. ASOCIACIÓNS DE PAIS E NAIS

A ANPA é o órgano de representación do colectivo das familias que son parte da comunidade escolar e deberá gozar dun espazo no centro para as súas reunións facilitado pola Dirección, sempre baixo a responsabilidade de facer un bo uso do mesmo. Ademais poderán utilizar as instalacións do Centro previa solicitude das mesmas para a realización de actividades que lle son propias, responsabilizándose en todo caso dos gastos ou estragos que se poidan ocasionar durante o desenvolvemento das mesmas.

A Dirección do centro comprometerase a facer visibles as actividades da ANPA a través dos diferentes medios de comunicación coa comunidade educativa (taboleiros, paxina web, correos das familias...) e compartirá cos membros da Asociación as diferentes propostas levadas a cabo dende o centro na procura dunha colaboración estreita e unha maior participación das familias da vida escolar.

6.3.11. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O único servizo complementario do que dispón o centro na actualidade é o servizo de madrugadores organizado pola ANPA do centro. Ten un horario de 7:30 a 9:00 e ofrece almorzo e coidado ao alumnado que o precise.

De cara aos seguintes cursos vaise iniciar a solicitude do servizo de comedor pola ampla demanda que existe por parte das familias para poder levar a cabo unha mellor conciliación da vida familiar e laboral.

7. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

A actividade do día a día no centro leva parellas unha serie de circunstancias moi concretas que necesitan ser reguladas para o seu correcto desenvolvemento. O documento no que queda recollida esta estrutura organizativa son as Normas de Organización e Funcionamento que foron aprobadas durante o curso 2022/23.

Véxase [NOFC](#).

8. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

8.1. METODOLOXÍA

DECISIÓN XERAIS SOBRE A METODOLOXÍA

O noso centro, a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica e as achegas dos ciclos/ Departamentos Didácticos que o integran, consensuou os seguintes criterios básicos na metodoloxía xeral, os cales tenden a favorecer o desenvolvemento das Competencias Básicas no alumnado:

Educación Infantil

Partindo dun enfoque construtivista, aplícase unha metodoloxía baseada na interacción e a reflexión sobre a acción. O sentido educativo da educación infantil fai necesario facer explícitos os principios metodolóxicos que enmarca a nosa acción pedagóxica. Para isto, e tendo en conta a lexislación vixente preséntanse agrupados nos seguintes epígrafes:

A) Ambiente de aprendizaxe

É fundamental para a consecución das intencións educativas anteriormente establecidas a organización dun ambiente de aprendizaxe que inclúa espazos, recursos e distribución do tempo. En canto aos espazos realizaranse actividades tanto en lugares propios (aula), como en lugares de uso común: aula de música, pavillón, patio, biblioteca, o que permite aos pequenos sentirse cómodos, seguros e acollidos nun espazo que van facendo seu e cargando de significatividade, así como en espazos que lles permitan relacionarse cos demais. Con respecto á organización temporal, teranse en conta o principio de flexibilidade, así como a integración dos tempos da aula na temporalización do centro, a organización das rutinas diarias como: a asemblea, momento de expresar opinións, sentimentos, vivencias, ...; tempo de traballo en grupo, recreo, plan lector, biblioteca, traballo en recunchos e momento do final do día onde lembramos o que fixemos durante a xornada.

B) Perspectiva didáctica

Ao falar da perspectiva didáctica estámonos a referir a unha estratexia metodolóxica integradora que parte de adecuar o ensino ás necesidades e intereses do alumnado e ás necesidades educativas. Esta estratexia de organización está baseada no tratamento da información de xeito conxunto, no establecemento de relación entre os contidos e no enfoque globalizado, que vai favorecer a construción do coñecemento e a consecución das competencias básicas, asegurando que as aprendizaxes sexan significativas e contextualizadas. Esta perspectiva didáctica caracterízase polos seguintes aspectos:

- Partimos dos principios de globalización, aprendizaxe significativa, consistencia evolutiva, actividade e actividade lúdica que se vai aprender.

- Debe interesarlle aos nenos/as e debe partir das súas necesidades, dotando así as aprendizaxes de significatividade e funcionalidade.

- O traballo da aula debe converterse nunha acción colectiva planificada e organizada conxuntamente polo grupo, inducendo a que todos os rapaces e rapazas poidan implicarse activamente nas tarefas, recoñecendo a importancia do grupo e a propia valía.

- Estimularase unha práctica reflexiva, que permita o desenvolvemento dun pensamento crítico, así como o desenvolvemento de todas as intelixencias.

- O xogo cumpre un papel vital nesta metodoloxía, estruturando a actividade diaria da aula, facendo realidade o poder aprender xogando.

- Así mesmo a afectividade e o tratamento das emocións deben estar presentes na aula.

C) Papel do profesorado

O papel do profesorado de educación infantil no proceso de ensino aprendizaxe é o de mediadores/as no mesmo, ofrecendo recursos e actividades que permitan aos nenos/as desenvolver todas as súas habilidades. Neste sentido involucrarémonos activamente nos proxectos, conversas, investigacións... ofrecendo diferentes posibilidades de actuación ante a resolución dos problemas. Faise así mesmo necesaria a valoración positiva nas interaccións, entendendo os erros como unha oportunidade de aprendizaxe, convertendo así os mesmos nun recurso máis do que aprender. A estimulación da creatividade, contrarrestando estereotipos e convencionalismos constitúe un aspecto fundamental dentro da nosa actuación. Do mesmo xeito recae dentro da nosa responsabilidade potenciar a coordinación co resto do equipo docente, así como o contacto e relación coas familias.

D) Papel do alumnado

Unha metodoloxía baseada no traballo por proxectos, por ambientes, na investigación e na actividade, require por parte do alumnado a capacidade e o interese por descubrir, así como a adquisición de responsabilidades de progresiva complexidade, o que lle leve á consecución dunha autonomía persoal cada vez maior. Así mesmo a realización das súas propias propostas, permítelle a toma de decisións así como a reflexión sobre os seus propios progresos e a auto avaliación.

E) Agrupamentos

O establecemento de diferentes tipos de agrupamentos responde á necesidade de atender á diversidade do alumnado. Podemos falar de tres tipos de agrupamento:

- En gran grupo, planificados para actividades conxuntas ben do ciclo ou da aula.

- En pequeno grupo, que permite a interacción cooperativa e a realización de tarefas concretas e estruturadas. Este pequeno grupo xoga un papel importante nos recunchos e nas actividades de investigación.

- E individualmente, dentro dos pequenos grupos, que permite unha actividade máis específica do docente.

F) Apertura á contorna

A educación infantil acada o seu pleno sentido nun marco de colaboración e coordinación entre os elementos que inciden no proceso educativo das nenas e dos nenos: o equipo docente, as familias e o contorno. En canto a relación coas familias basearémonos nos seguintes contactos:

- As reunións grupais.
- As titorías individuais.
- E os contactos informais que xurdan.

Centrándonos agora na apertura ao contorno, esta baséase en dous aspectos clave: aproveitamento do potencial educativo das saídas e visitas planificadas.

Educación Primaria

A metodoloxía empregada nesta etapa educativa estará fundamentada en principios metodolóxicos básicos aplicables en todas as áreas do currículo. Ao longo de toda a etapa terase en conta a vinculación metodolóxica coa etapa anterior de Educación Infantil e os acordos inter e intraetapas recollidos nas NOFC aprobadas durante o curso 22/23.

Os principios metodolóxicos que enmarcan a nosa actividade docente pretenden:

- Atender aos diferentes ritmos de aprendizaxe de cada neno ou nena.
- Promover a participación do alumnado para que aporte as súas habilidades, destrezas e intereses ao traballo cooperativo.
- Proporcionar aos nosos alumnos e alumnas estratexias de aprendizaxe que lles permitan valorar os procesos de aprendizaxe para regularlos ou modificalos.
- Fomentar habilidades que permitan ao alumnado utilizar de forma autónoma as bibliotecas e as TIC como recursos de aprendizaxe.
- Dotar os contidos dun enfoque integrador promovendo a globalización.
- Seleccionar aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar competencias. Achegarémolos ao alumnado a través da observación, experimentación, manipulación, etc., procesos que facilitan a adquisición de aprendizaxes significativas.
- Facilitar un currículo estruturado ao redor de cuestións de interese para nenos e nenas. O papel do profesorado no seu desenvolvemento será o de conducir o proceso de aprendizaxe.
- Utilizaranse todos os recursos materiais, persoais e organizativos precisos para responder axeitadamente ás necesidades concretas dos nosos alumnos e alumnas.

En todo momento se buscará que sexa de tipo participativo e cooperativo. Estará baseada en proxectos que irán paralelos á utilización do libro de texto ou o ordenador (nos

casos de 5º e 6º que están inmersos en E-dixgal) nalgunha materia, de fichas ou outros recursos como as actividades dixitais, o traballo de investigación ou a experimentación directa. Intentarase que os proxectos vaian en liña co PDI anual de centro aínda que o profesorado terá liberdade á hora de escoller a temática que considere máis axeitada para acadar os obxectivos.

En xeral, a metodoloxía será de tipo lúdico e práctico, intercalando actividades individuais e grupais e fomentando a colaboración coas familias. É importante o traballo individual pero tamén o colectivo, onde os nenos/as aprendan a compartir as ideas, respectar as opinións dos demais e a colaborar. O uso das TIC é un elemento que nos permitirá favorecer a construción de aprendizaxes. Así, a metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que suscitan:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas que favorecen a comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes, conectando coa adquisición das competencias.
- Exercicios e actividades diversificadas.
- Traballo individual e en grupo, tarefas diversificadas e integradas. Todo secuenciado por niveis de dificultade, abordando a diversidade de estilos cognitivos e intelixencias e favorecendo a adquisición de competencias para todos os alumnos.

8.2. AVALIACIÓN

Segundo recolle a LOMLOE, a avaliación do alumnado da etapa de Educación Primaria será continua e global e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos da aprendizaxe. A avaliación da aprendizaxe levarase a cabo tomando como referentes o recollido no Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria e as Ordes do 2 de marzo de 2021 e do 25 de xaneiro de 2022 polas que se regulan a avaliación e promoción obxectiva do alumnado. En relación a avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, é importante atender ao recollido na Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes.

Os referentes de avaliación no caso do alumnado con Adaptación Curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

Durante o primeiro mes de cada curso escolar a persoa titora realizará unha avaliación inicial, coa finalidade de adecuar as ensinanzas e facilitar a progresión adecuado ao

proceso de aprendizaxe do alumando. Esta avaliación incluíra a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e se completará coa información obtida das familias, será o punto de referencia para a toma de decisións, así como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas. A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

Ao longo de cada curso realizaranse catro sesións de avaliación (avaliación cero, 1º, 2º e 3º avaliación) que serán presididas polo titor ou titora do grupo de alumnos a avaliar, que coordinará a sesión, o profesorado especialista que imparte clase nese grupo e o/a xefe/a de estudos. Poderán contar co asesoramento do departamento de orientación. Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, ou Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NOT) ou Sobresaínte (SB), para as cualificacións positivas. Irán acompañados dunha cualificación numérica na escala do 1 ao 10, sen cifras decimais, correspondendo ao IN do 1 ao 4, ao SU o 5, ao BE o 6, ao NOT o 7 e 8, e ao SB o 9 e 10.

Os criterios de avaliación serán revisados ao principio de cada curso escolar e actualizados se fose necesario. Cada mestre pasará ao XADE as cualificación das materias que posteriormente xerará un boletín de cualificacións que será entregado ás familias coincidindo co remate de cada trimestre.

8.3. CRITERIOS PARA A PROMOCIÓN

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto de primaria, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, primando o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior e elaborárase un plan de reforzo ou de recuperación. Cando un alumno/a non promocióne deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomárase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado. Neste caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo personalizado para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grado de adquisición das competencias correspondentes. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio. Sen prexuízo do anterior, o alumnado con necesidades educativas especiais poderá permanecer un ano máis na etapa de primaria, segundo recolle a lexislación

vixente, se con isto se mellora a súa integración socio-educativa. Ademais na etapa de Educación Infantil, este alumnado poderá permanecer un ano máis se conta coa autorización pertinente.

Os criterios de promoción vixentes no centro teñen como referente os contidos mínimos esixibles para educación infantil e primaria. O alumnado que promocioe de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación elaborado entre o equipo de Orientación e os/as titores/as.

Segundo estas premisas na avaliación de cada alumno teranse en conta as seguintes posibilidades:

– Que o alumno acade a cualificación positiva en todas as áreas. Neste caso promociona de curso ou etapa.

– Que o alumno xa teña repetido unha vez na etapa, polo que non poden repetir máis. Neste caso promocionará de curso ou etapa por imperativo legal.

– Que o alumno non acade a avaliación positiva en todas as áreas. Neste caso considérase a conveniencia de que o alumno/a promocioe ou non ao curso ou etapa seguinte, tendo en conta as seguintes consideracións:

a) A conveniencia de permanecer nun curso determinado para acadar con maior solidez as aprendizaxes básicas.

b) As repercusións, positivas ou negativas, que o cambio de grupo pode ter sobre o alumno/a, segundo o seu grado de integración, carácter, personalidade...

c) A conduta do alumno/a e a influencia que puidera ter a mesma no seu grupo se promociona, ou no grupo novo se non o fai.

d) A actitude cara o traballo, o progreso e o esforzo en función das súas capacidades.

e) A opinión de pais ou titores/as legais, que serán informados e escoitados previamente ás resolucións que se tomen.

f) A consulta ao Departamento de Orientación do centro nos casos que proceda.

g) Calquera outra consideración particular que poida ser oportuna. Ao finalizar os cursos segundo e cuarto o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte. Ao finalizar a etapa o profesorado titor elaborará un informe sobre a evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con NEAE deberase reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

8.4. PLAN DE REFORZO OU RECUPERACIÓN

O plan específico de reforzo e recuperación, para o alumnado que promociona con materias suspensas, é un documento organizativo dentro das medidas ordinarias de atención á diversidade do alumnado. O reforzo educativo e de apoio a este alumnado será realizado, polos/as mestres/as con dispoñibilidade horaria, así como polos especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, sempre e cando a atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais o permita.

8.5. PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO

O alumnado que non promocioe, permanecerá no mesmo curso como unha medida de carácter excepcional que se tomará se, tras aplicar as medidas comúns suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano mais no mesmo curso esta é a medida mais axeitada para favorecer o seu desenvolvemento. Neste caso, o equipo docente elaborará, baixo a coordinación do profesorado titular, un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grado de adquisición de las competencias clave correspondentes.

No caso de ter que establecer medidas extraordinarias, dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, e nos elementos de acceso ao currículo, unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou ben porque estas resultaron insuficientes, estableceranse as que se recollen na Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de setembro que regula a atención á diversidade, sendo estas as seguintes:

- Adaptacións Curricular
- Agrupamentos flexibles
- Apoio do profesorado de PT e/ou AL
- Flexibilización da duración do período de escolarización, reducindo ou ampliando a permanencia nunha determinada etapa.
- Atención educativa: domiciliaria, hospitalaria, virtual, medidas de responsabilidade penal, violencia de xénero e/ou acoso escolar, familias itinerantes, procedente do estranxeiro
- Grupos de adquisición de linguas.

9. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO

9.1. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Atendendo á normativa vixente, dende o centro promovemos aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do noso alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e están recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nas concrecións anuais de dito plan no noso centro.

[Véxase PXAD](#)

9.2. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

A acción titorial enténdese como o proceso de axuda e orientación por parte do profesor para contribuír ao desenvolvemento integral do alumno e que abrangue o conxunto de accións educativas encamiñadas ao coñecemento do alumno, as axudas precisas para superar as dificultades no ámbito persoal, familiar e escolar e a proposta de alternativas que lle faciliten ao alumno/a a toma de decisións, así como o seu desenvolvemento como persoa e a socialización. O Plan de Acción Titorial é a concreción, de forma sistemática e intencional, que se desenvolve no centro respecto da acción titorial.

[Véxase PAT](#)

9.3. PLAN CONVIVENCIA

O Plan de Convivencia do centro enténdese como un conxunto de accións fundamentadas, priorizadas e organizadas para que o centro, en función da súa situación e necesidades, estableza as medidas que considere máis axeitadas para promover procesos que permitan a mellora da convivencia no mesmo e o enriquecemento dos individuos como persoas.

[Véxase Plan de Convivencia](#)

9.4. CONCRECIÓN CURRICULAR

A concreción curricular, que se incorporará ao proxecto educativo e funcional do centro, establece os criterios e as decisións que orientan o desenvolvemento do currículo e a coordinación interdisciplinaria por parte dos órganos de coordinación didáctica. Así o claustro de profesorado garantirá mediante a concreción curricular a coherencia na actuación docente diaria. Sendo este documento único para cada centro, que incluírá, como mínimo, os aspectos recollidos no artigo 14 do Decreto 155/2022, do 15 de setembro.

Como centro docente sostido con fondos públicos empregaremos a aplicación informática de programación que pon á disposición a consellería con competencias en materia de educación para a elaboración e, de ser o caso, para a modificación da nosa concreción curricular. Esta aplicación informática tamén se utilizará para a súa supervisión por parte da Inspección educativa.

O noso centro fará pública a concreción curricular co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa a través da páxina web do colexio.

[Véxase Concreción curricular](#)

9.5. PLAN ANUAL DE LECTURA

Neste centro promoveremos as medidas necesarias para que o profesorado nas distintas áreas e materias desenvolva actividades que estimulen o interese e hábito de lectura, non só para o alumnado senón para tódolos membros da comunidade educativa.

Así o plan de lectura na etapa de educación primaria terá por finalidade a promoción e o fomento da lectura, a escritura e as habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

[Véxase Plan Anual de lectura](#)

9.6. PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES

O noso centro educativo está moi comprometido coa adquisición de hábitos de vida saudables por parte do alumnado e da comunidade educativa. Por este motivo participa en varios programas como poden ser o Proxecto de vida activa e deportiva, o reparto de leite e froita nas merendas ao alumnado, a participación en Xogade para fomentar a actividade física, a realización de patios activos e dinámicos, a utilización da metodoloxía Aucouturier para traballar con alumnado de educación infantil a psicomotricidade...

Ademais o centro vén de solicitar o Selo de Vida saudable dada a a nosa implicación neste eido.

Así o plan de actividades físicas e hábitos saudables terá por finalidade a práctica diaria de deporte e de exercicio físico e actividade física durante a xornada escolar e a promoción dunha vida activa, saudable e autónoma.

[Véxase *Plan de actividades físicas e hábitos saudables*](#).

9.7. PLAN DIXITAL E PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

Tendo en conta que as tecnoloxías da información e da comunicación son unha realidade na sociedade actual, é importante e decisivo que o sistema escolar non quede alleo ao que acontece cos novos medios. Por iso, neste centro promoveremos as medidas necesarias para que o profesorado nas distintas áreas e materias desenvolva actividades relacionadas co uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Neste senso, o plan dixital concíbese como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes.

Véxase [Plan de Integración das TIC](#) e [Plan dixital](#)

9.8. PROXECTO LINGÜÍSTICO

Dado que no entorno familiar o noso alumnado non usa a lingua galega, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) ademais de promocionar o galego dentro da Comunidade Escolar, tratará de combinar coa ANPA todos os esforzos posibles para desenvolver actividades que dalgunha maneira favorezan o emprego (tanto dos pais coma dos fillos) da Lingua Galega na vida cotiá. O obxectivo é conseguir que o galego ocupe, tanto na lingua oral como na escrita, o lugar que lexitimamente lle corresponde, é dicir, que se use nun grao equilibrado co castelán como lingua cooficial da nosa comunidade. Este logro só se acada se se utiliza a lingua galega en todos os ámbitos da vida social e escolar. Tomando como base o exposto anteriormente, deseñouse este proxecto, no que o seu principal protagonista é o alumnado, creando un espazo onde poidan acadar unha axeitada competencia lingüística.

Véxase [Proxecto Lingüístico](#)

9.9. PLAN DE IGUALDADE

A coeducación e a igualdade son dous puntos fundamentais da educación e que deben ser abordados tanto dende o punto de vista do grupo aula como de todo o centro educativo. Por isto, consideramos básico contar cun plan que nos permita traballar a igualdade dun xeito eficaz e que realmente sirva para que se vexan reflectidos os seus resultados na sociedade actual.

Véxase [Plan de igualdade](#).

9.10. PLAN DE INNOVACIÓN E FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

Coa finalidade de que o noso profesorado se manteña o máis actualizado posible, tanto a nivel pedagóxico como metodolóxico, e de resolver as posibles necesidades formativas que van xurdindo ao longo dos cursos, o equipo directivo potenciará a realización anual de PFPP que teñan como obxectivo estas finalidades.

Os itinerarios deste PFPP serán escollidos tras unha avaliación das necesidades formativas do profesorado e segundo as novas metodoloxías ou temáticas que se vaian propondo ben dende a consellería ou ben dende o CFR de Ferrol que é o que nos corresponde por zona. Estes itinerarios terán unha duración mínima de dous anos pero poderá ser prorrogada en función da súa utilidade ou da non consecución dos obxectivos fixados. A participación do profesorado nos mesmos é voluntaria a non ser que se especifique a súa obrigatoriedade nas instrucións dos mesmos. O PFPP debe ser aprobado polo Claustro de profesores e polo Consello Escolar para ser levado a cabo. A coordinación de cada liña de traballo será determinada durante o mes de setembro, intentando que non recaia no equipo directivo, o cal será o coordinador de todo o PFPP.

Deste xeito O Plan de innovación e Formación permanente do profesorado é presentado anualmente ao CFR de Ferrol trala súa aprobación por parte de Consello escolar.

9.11. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

O Plan de Autoprotección conta cunha serie de accións e medidas, adoptadas polo centro, cos seus propios medios e recursos, dentro do seu ámbito das competencias, encamiñadas a previr e controlar os riscos sobre as persoas e os bens, e dar resposta adecuada ás posibles situacións de urxencia e a garantir a integración destes actuacións no sistema público de protección civil. No curso 2014/2015 os servizos de Protección Civil do Concello de Narón elaboraron o Plan de Autoprotección do Centro.

Véxase Plan de Autoprotección do Centro

9.12. PLAN DE COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS

A intención da nosa escola é que as familias participen o máximo posible na escola, non só como membros da ANPA, senón como parte activa da comunidade educativa.

A ANPA é o órgano de representación do colectivo das familias que son parte da comunidade escolar e deberá gozar dun espazo no centro para as súas reunións facilitado pola Dirección, sempre baixo a responsabilidade de facer un bo uso do mesmo. A Dirección do centro comprometerase a facer visibles as actividades da ANPA a través dos diferentes medios de comunicación coa comunidade educativa (taboleiros, paxina web, correos das familias...) e compartirá cos membros da Asociación as diferentes propostas le-

vadas a cabo dende o centro na procura dunha colaboración estreita e unha maior participación das familias da vida escolar.

Ademais todo tipo de información que o centro considere de interese para a comunidade educativa publicitarase a través da páxina web do centro, a través do correo electrónico e/ ou a través da aplicación Abalar Móbil. Como norma xeral as comunicacións dende a dirección do centro farase sempre a través destes medios. Cada titor/a poderá usar tamén estes medios ou calquera outro que considere máis axeitado, como poden ser as axendas do alumnado. Faranse chegar as familias todos os comunicados da ANPA e do Concello. O resto de información será exposto no taboleiro, sempre baixo a supervisión do Equipo Directivo. Para promover a coordinación en materia de convivencia entre centro - familia - entorno, teremos moi en conta os seguintes aspectos:

- Fomentaremos e facilitaremos a comunicación e cooperación das familias no mantemento da convivencia do centro.

- Informaremos ás familias nas reunións de inicio de curso sobre ás NOFC.

- Incluír na páxina web do colexio información relativa ás NOFC.

- Promover a implicación e participación das familias na vida do centro facilitándolles na web do colexio os horarios nos que poden ser atendidos polos distintos profesionais, así como informacións relativas ao día a día do centro (saídas, actividades especiais, información actualizada sobre axudas, matrículas, etc).

Co fin de facilitar a relación do profesorado cos pais/nais, fixarase na programación xeral anual unha hora semanal para a atención a pais/nais dentro do horario non lectivo de obrigada permanencia no centro (os martes pola tarde de 16:00h. a 17:00h.). Programaranse, igualmente, reunións globais cos pais por titorías, niveis ou ciclos, encamiñadas a expoñer as liñas xerais do plano de traballo. En todo caso se realizará unha reunión inicial a comezo de curso con todas as familias dese grupo. A comunidade escolar manterá unha relación fluída e cordial entre os seus membros para o que se establecen as seguintes pautas de actuación:

- a) Reunións iniciais de curso (setembro) entre os/as titores/as e as familias cun formato de gran grupo.

- b) Reunións individuais dos/as titores/as coas familias dentro do horario de atención da tarde dos martes.

- c) Reunión coas familias do alumnado que promociona ao Ensino Secundario no mes de xuño.

- d) Outras reunións puntuais para informar sobre aspectos importantes que afecten ao conxunto da comunidade escolar.

9.13. PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS INSTITUCIONAIS

A innovación educativa supón a chegada de ferramentas aos estudantes para enfrontar os desafíos do mundo actual, non no sentido de saberes estancos, senón como competencias que posibilitan o desenvolvemento de novas capacidades e estratexias que apuntan á mellora continua.

Ao longo destes anos, o noso centro está a participar en varios programas dirixidos á mellora da nosa realidade educativa e buscando a innovación en todo momento. Así o centro está a incorporar diferentes metodoloxías activas que sitúen ao alumnado como protagonista da súa aprendizaxe, favorecendo o desenvolvemento máximo das súas capacidades, e que fomentan o traballo interdisciplinar e en equipo. Tal como indica o Decreto 155/2022 do 15 de setembro no seu artigo 4 "A finalidade da educación primaria é facilitarlle ao alumnado as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, as habilidades lóxicas e matemáticas, a adquisición de nocións básicas da cultura e o hábito de convivencia, así como os de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade, e de preparalo para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria." polo que o centro ten que adaptarse a realidade cambiante da nosa sociedade e realizar os cambios pertinentes para poder adaptar a súa metodoloxía as necesidades do momento.

A metodoloxía debe favorecer a adquisición das competencias clave, de aí a necesidade de modificar a nosa metodoloxía, recursos, a formación dos mestres, as actividades, as tarefas, organización... e adaptarnos aos novos tempos.

Polo anteriormente exposto consideramos a necesidade de que o noso centro participe na realización dos seguintes programas: Plambe, Radio escolar, E-dixgal, Contratos programa nas liñas de CP Innova e CP Inclúe, Plan Proxecta na liña de Proxectos de vida activa e deportiva (PVAD) .

10. XESTIÓN ECONÓMICA

A planificación da xestión económica vai servir para establecer os criterios e directrices a seguir na toma de decisións referidas a xestión dos recursos materiais e económicos do centro. A xestión levarase a cabo tendo en conta:

- A necesidade dos recursos básicos
- As melloras das instalacións
- As melloras dos equipamentos e materiais

A nosa finalidade é a de mellorar a calidade do ensino e as boas condicións do centro educativo, en beneficio da comodidade e benestar dos membros da comunidade educativa.

Obxectivos

- Xestionar material de oficina.
- Mellorar e manter os recursos informáticos do centro.
- Establecer boas condicións de traballo para toda a comunidade educativa.

Elaboración e aprobación

Lévase a cabo tendo en conta o seguinte procedemento:

- O secretario/a do centro elaborará o anteproxecto de orzamento anual.
- Dito anteproxecto convértese en proxecto unha vez aprobado pola Comisión Económica do centro.
- O proxecto xunto cunha memoria xustificativa, que define os obxectivos que se pretenden conseguir, preséntase ao Consello Escolar que debe aprovalo.
- Elévase á Xefatura Territorial para coñecemento e revisión de legalidade.
- Se o Consello Escolar non aproba o orzamento remítese á Xefatura Territorial xunto coa certificación da acta da sesión onde figuren os motivos para a non aprobación. A Xefatura Territorial resolverá no prazo máximo dun mes.

Modificación

Os créditos de gasto do orzamento aprobado vincúlanse co nivel de desagregación con que se aprobaron. Non obstante, poderán ser modificados:

- Por redistribución dos créditos do propio centro, atendendo á finalidade do gasto.
- Por aumento dos ingresos procedentes da Consellería.
- Os ingresos efectivamente realizados e que superen os inicialmente previstos no orzamento do centro.

Procedemento a seguir para a modificación

- O director/a é o órgano competente para propor as modificacións
- Presentaranse ao Consello Escolar xunto cunha memoria xustificativa.
- O Consello Escolar, co informe da Comisión Económica, procederá á súa avaliación.

- O director/a aproba as modificacións que xunto coa memoria xustificativa remitiranse á Xefatura Territorial.

- No prazo dun mes, poderá formular reparos e observacións, sempre por razóns de legalidade e de xeito motivado.

Criterios para a distribución

- No primeiro Claustro planificarase a dotación económica para as distintas titorías e especialidades.

- A Biblioteca conta cun 5% ou 10% da partida presupostaría así como unha partida propia dende a Consellería de Educación por pertencer ao PLAMBE

Contabilidade

- Levarase a cabo unha contabilidade auxiliar á da Comunidade Autónoma, na que se detallarán tódalas operacións realizadas. A citada contabilidade axustarase ás normas, principios, procedementos e modelos que estableza a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

- Os remanentes do exercicio anterior e os ingresos efectivamente realizados reflectiránse na contabilidade da Comunidade Autónoma.

Xustificación do gasto

- O director/a presentará ao Consello Escolar, para a súa avaliación, a conta de xestión do orzamento, referida ao 31 de decembro de cada exercicio económico.

- Unha vez avaliada polo Consello Escolar e aprobada polo director/a, e antes do 31 de xaneiro do exercicio económico seguinte, remitirase á Xefatura Territorial.

Se non fose aprobada a conta de xestión remitirase xunto coa certificación do acordo que figura na acta de sesión onde consten os motivos para a non aprobación, á Xefatura Territorial que resolverá o que proceda.

- Un exemplar da xustificación unirase ós xustificantes orixinais e demais documentos acreditativos, que quedarán arquivados no centro.

11. AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN, PROPOSTAS DE MELLORA E DIFUSIÓN DO PEC

O Proxecto Educativo e o seu grado de consecución será avaliado e valorado na memoria anual, co fin de que da súa análise se poidan extraer conclusións que permitan introducir os cambios necesarios para a adecuación das actuacións do centro a dito proxecto, de xeito que poidan facerse melloras que permitan un maior grao da consecucións dos obxectivos prantexados. Terase en conta que para acadar unha liña educativa coherente os cambios deben ser mínimos, pois os procesos educativos necesitan longos períodos de tempo para se consolidar.

O Proxecto Educativo aparecerá na páxina web do CEIP Plurilingüe Ponte de Xuvia para que poida ser accesible a calquera membro da súa comunidade escolar.

Este Proxecto Educativo entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación no Consello Escolar, quedando derogado o anterior.

Aprobado polo Claustro de profesorado: 19 de setembro de 2023

Aprobado polo Consello Escolar: 26 de setembro de 2023